

## BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2022)

### 1 OBXECTO:

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal de 2 postos de peóns forestais, para a participación no Servizo de Limpeza de Montes e outras Tarefas de Valorización Forestal mediante a subvención da Consellería de Emprego e Igualdade correspondente á orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (DOG núm. 21, do 01/02/2022) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022, para o que se presentará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego:

- 2 Peóns Forestais

A selección rexerá polas prescricións contidas nesta convocatoria e, naquilo que non se prevexa, polo TREBEP e pola LEG, agás o relativo aos dereitos de exame que non se esixen na presente convocatoria.

### 2 MODALIDADE, DURACIÓN DOS CONTRATOS E XORNADA:

Tendo en conta o establecido no Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, e tendo en conta que os contratos subvencionados polos procedementos TR351G (APROL RURAL) están vinculados a programas de activación para o emprego, tal e como se recolle nas exposicións de motivos das correspondentes bases reguladoras, o modelo de contrato de traballo que rexerá será a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (Código 405)

O contrato será pola xornada semanal completa por un período de nove (9) meses, segundo o establecido no artigo 4 da orde subvencionadora

Estes contratos non se rexerán por ningún convenio sectorial. Unicamente poderá acollerse ao clausulado da negociación colectiva municipal de conformidade coa normativa vixente en tanto a contratante é a Administración Pública e naquilo no que non vaia contra a orde subvencionadora.

### 3 REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS:

1. Será requisito indispensable acreditar ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de selección como no da formalización do contrato de traballo, circunstancia que deberá ser acreditada polas persoas aspirantes mediante a presentación da vida laboral actualizada.

2. Segundo o recollido no artigo 14.5 da orde subvencionadora, terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero; acreditarase mediante fotocopia do DNI e sentenza acreditativa ou informe de servizos sociais.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase mediante fotocopia do DNI, informe de

vida laboral e declaración responsable.

- c) Persoas paradas de longa duración. Para os efectos deste programa consideraranse como paradas de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo de doce meses como demandantes de emprego; a dita circunstancia acreditarase mediante a presentación da vida laboral actualizada.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%; a acreditación da discapacidade farase presentando o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Informe do SEPE
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos; acreditarase mediante fotocopia do DNI
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Informe dos Servizos sociais municipais.

3. Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 do 31/10/2015) e demais normativa directamente aplicable:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla o artigo 56.1.d do TREBEP

4. Coñecemento do galego: CELGA 2 ou equivalente.

5. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Antes de asinar o contrato de traballo, a persoa interesada terá que facer constar que non ocupa ningún posto de traballo nin realiza ningunha actividade no sector público ou privado.

A administración poñerá a disposición das persoas aspirantes un modelo de declaración (Anexo II), que se lle facilitará e deberán cubrir e entregar no momento no que se realice a proba escrita.

Compre sinalar que o artigo 14.5 da orde subvencionadora, expresamente, sinala que:

*(...)“ As persoas traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde” (...)*

#### 4 SISTEMA DE SELECCIÓN, PROCESO

O punto 1 do artigo 14 da orde de convocatoria do programa, di que os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/polos cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como

demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Para tal fin, o punto 3 do mesmo artigo, establece a obrigatoriedade para as entidades beneficiarias de presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación; será a dita oficina a que proporcione a relación de persoas candidatas.

Aínda así, está entidade publicará no seu taboleiro de anuncios e no seu sitio web ([concelloderianxo.gal](http://concelloderianxo.gal)) a orde de convocatoria da subvención pola que se rexe.

## 5 SISTEMA DE SELECCIÓN:

### 5.1 Oposición (Puntuación máxima: 10 puntos)

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio de cada proba, para o cal as persoas candidatas deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

O apartado de oposición constará de dous exercicios:

#### 5.1.1 Exame tipo test: (puntuación máxima 4 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio e, para superalo, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa que se xunta como anexo I para cada convocatoria durante un período de 30 minutos. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará unha terceira parte da puntuación de cada pregunta acertada.

#### 5.1.2 Proba práctica (puntuación máxima: 6 puntos)

Só poderán realizar esta proba as persoas aspirantes que superen a proba anterior.

A proba práctica consistirá na realización dun roce no espazo que determine o tribunal. A valoración realizarase en función dos seguintes criterios:

1. recoñecemento de ferramentas:
  - a) definición correcta de todas as ferramentas: 0,5 punto
  - b) definición correcta da metade ou máis ferramentas: 0,25 puntos
  - c) definición correcta de menos da metade ferramentas: 0 puntos
2. recoñecemento dos EPIs necesarios para o uso da rozadoira:
  - a) selección correcta de todos os EPIs necesarios: 0,5 punto
  - b) selección da metade ou máis dos EPIs necesarios: 0,25 puntos
  - c) selección da menos da metade dos EPIs necesarios: 0 puntos
3. colocación correcta do arnés sen indicacións: 0,5 punto
4. colocación correcta do fío cortador: 0,5 punto
5. acender a rozadoira:

- a) acendido correcto sen indicacións: 0,5 puntos
  - b) acendido con indicacións: 0,25 puntos
  - c) acendido asistido por parte do tribunal: 0 puntos
6. destreza e forma de corte: 3,50 puntos

#### 5.1.2 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio da proba, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

Este exercicio realizarano as persoas aspirantes que superen as dúas probas anteriores e que non estean exentas da realización deste, é dicir, que non conten co certificado expedido polo órgano competente.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, mediante fotocopias que posúen o Celga 2 ou o equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

A documentación relativa ao coñecemento do galego será presentada no Rexistro Xeral do Concello a partir do mesmo día de publicación da correspondente Acta de valoración da fase de oposición por parte do Tribunal e dentro do prazo indicado na mesma. Tamén poderá ser presentada na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telefax ( 981 866628) ou e-mail (*emprego@concelloderianxo.gal*) durante o mesmo prazo de presentación da documentación.

Se conforme ao indicado se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, mediante fotocopias e como máximo o día da proba escrita, que posúen o Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

O tribunal cualificador convocará ás persoas candidatas que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

O exercicio consistirá en manter unha conversa en galego na que a persoa aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

Corresponderalle ao tribunal determinar o tempo necesario para que a realización da dita proba sexa válida e o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental desta para os efectos oportunos.

A actuación das persoas candidatas levarase a cabo por orde alfabética, segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 28 de xaneiro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública, que establece, para o presente ano, comezar por aquelas persoas cuxo primeiro apelido

comece pola letra “T”.

As persoas candidatas serán convocadas nun único chamamento que se fará público a través do taboleiro de anuncios do concello, sendo excluídas as que non comparezan, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

## 5.2 Concurso (Puntuación máxima: 4 puntos)

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A documentación do concurso será presentada no Rexistro Xeral do Concello a partir do mesmo día de publicación da correspondente Acta de valoración da fase de oposición por parte do Tribunal e dentro do prazo indicado na mesma. Tamén poderá ser presentada na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telefax (981 866628) ou e-mail ([emprego@concelloderianxo.gal](mailto:emprego@concelloderianxo.gal)) durante o mesmo prazo de presentación da documentación.

Se conforme ao indicado se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da realización da proba escrita.

Terase en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas.*
- *O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia do documento acreditativo.*
- *A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa fotocopia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.*

### 5.2.1 Artigo 14.5 da orde de convocatoria. Puntuación máxima: 1 punto

Para os efectos de valorar os aspectos recollidos no último parágrafo do art. 14.5 da orde de convocatoria da subvención, as persoas candidatas deberán cubrir e asinar unha declaración responsable que o Tribunal lles entregara no mesmo momento da realización da proba escrita e que se valorará segundo o seguinte:

a) Nivel de protección por desemprego:

-perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos

-non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose como tal ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,10 puntos por persoa a cargo. Puntuación máxima de 0,50 puntos.

5.2.2 Méritos específicos do posto. Puntuación máxima: 3 puntos. Indícanse nas bases específicas.

#### 6 SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS:

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 do 31/10/2015 efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 40/2015 do 1 de outubro como na demais normativa de aplicación.

Unha vez que remate o proceso de selección, o Tribunal relacionará as persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá a listaxe ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da listaxe ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con subrepresentación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
- d) En último lugar, resolverase mediante sorteo público

#### 7 CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES:

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

#### 8 INTERPRETACIÓN DAS BASES:

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

## 9 IMPUGNACIÓN:

A convocatoria, bases e actos administrativos derivados dela serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

## 10 PRECAUCIÓNS ADICIONAIS DE CARA A EVITAR CONTAXIOS POLA COVID-19

Ante a finalización da obrigatoriedade de uso de máscara en espazos interiores segundo o establecido en o R.D. 286/2022 do 19 de abril por o que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada por a COVID-19, a empresa de prevención de riscos laborais estableceu as indicacións dos lugares de traballo nos que seguirá sendo obrigatorio o seu uso e aqueles en que se entende como unha medida recomendable. Así que se recomenda o uso responsable de máscara polos seguintes motivos:

- \*Actividades nas que a prestación do servizo implique non poder garantir unha distancia de 1,5 metros e durante máis de 15 minutos ( reunións ou actividades en espazos reducidos, etc.)
- \*Ausencia de ventilación adecuada: actividades a desenvolver en espazos reducidos sen ventilación nas que se vaia a permanecer por un tempo superior a 15 minutos.
- \*Traballadores en espazos pechados de uso público nos que as persoas transitan ou permanecen un tempo prolongado (eventos multitudinarios, aulas de formación, etc)
- \*Cando no persoal constátase a existencia de persoas vulnerables á COVID(maiores de 60 anos, persoas inmunodeprimidas, embarazadas, etc.).

## ANEXO I

# Bases específicas da convocatoria para o posto de 2 PEÓNS FORESTAIS

### REQUISITOS MÍNIMOS:

- Non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

### TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Ferramentas e maquinarias máis utilizadas nas plantacións forestais
2. Uso da motoserra e a rozadora no sector forestal
3. A conservación de camiños e cunetas forestais. Materiais e ferramentas
4. A defensa contra os incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais
5. O PLADIGA
6. As comunidades de montes en Rianxo (número, localización, ...)
7. A Ordenanza municipal xeral de limpeza e medio ambiente
8. A prevención de riscos laborais no sector forestal
9. Igualdade de xénero.

### VALORACIÓN DE MÉRITOS ESPECÍFICOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

1) Carné de conducir B. Puntuación: 1 puntos

2) Curso de prevención de riscos laborais (de 30 horas ou mais): 1 punto

3) Curso de igualdade (10 horas ou mais): 0,50 puntos

3) Coñecemento do galego :

(só se valorará o de maior puntuación)

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos



Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento), que as certificacións de aptitude dos Celga.